

PROPOSTA DA XERENCIA PARA A ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

ASUNTO: CONTRATACION POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN, ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAUDE, XEOTÉCNICO, E DE TELECOMUNICACIÓN VISADO, NECESARIOS PARA A REHABILITACIÓN DOS INMOBLES SITOS EN FERRERIA 11,13,17,19 E SAN SEBASTIAN 1,3,7

Reunida, o día 25 de setembro de 2008, a mesa de contratación constituída no procedemento indicado no encabezamento, para proceder a revisión e exame da documentación presentada en tempo e forma polos interesados no concurso, previa invitación do Consorcio Casco Vello de Vigo, e emitidos os informes correspondentes pola técnico do Consorcio, despréndese a conveniencia de proceder, sen mais trámites, a adxudicación provisional do procedemtno negociado sen publicidade, tal como se indica na cláusula 10,5 do Prego de cláusulas administrativas particulares .

En consecuencia, a Xerencia do Consorcio propón ao Presidente do Consorcio Casco Vello de Vigo, organo de contratación no procedemento negociado sen publicidade en trámite, a adopción da seguinte,

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Aprobar a adxudicación provisional da contratación polo procedemento negociado sen publicidade para a redacción do proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde, xeotécnico, e de telecomunicación visado, necesarios para a rehabilitación dos inmobles sitios en **Ferrería 11,13,17,19 e San Sebastián 1,3,7 a Cendón-Vázquez,Arquitectos S.C.P.** con CIFJ27718584 e domicilio na rúa Príncipe, 26-2º 36.202 Vigo, nas condicións indicadas na súa proposta e por importe de 49.884,90€ € mais o IVE de 7.981,58 euros, o que fai **un total de cincuenta e sete mil oitocentos sesenta e seis euros con corenta e oito centimos (57.866,48€)** por considerar que é a oferta é mais ventaxosa para os inteseses do Consorcio Casco vello de Vigo.

O adxudicatario provisional, **no prazo de 15 días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratista, deberá aportar a documentación a que se refire a cláusula 10.6 do prego de cláusulas administrativas que rexe o presente procedemento.

SEGUNDO: Ordear a práctica de notificación da presente resolución a todos os licitadores, así como os trámites previstos no Prego de Clausulas Administrativas Particulares para a continuación do expediente conducente a adopción da resolución definitiva que proceda. Que se faga pública a resolución de adxudicación provisional no perfil do contratista do Consorcio Casco Vello de Vigo, de acordo coa lexislación aplicable.

En Vigo, a 26 de setembro de 2008

O Xerente do Consorcio

Alfonso Ramos Covelo

DECRETO



Intervido e conforme,
O INTERVENTOR DELEGADO

Asdo. Luis García Álvarez

Esta Presidencia, no uso das atribucións que lle confire o artigo 12.e dos estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo, examinada a proposta formulada pola Xerencia, RESOLVE favorablemente á mesma.

O manda e asina o Sr. Presidente , en Vigo a 26 de setembro de 2008, ante min, secretaria que certifico.

A Secretaria

Marta Riobó Ibáñez

O Presidente

Santiago Xosé Domínguez-Oliveira.